



Foi relator D. José Ramón Varela Puga.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Impugnan os recorrentes a Resolución dictada pola Xunta electoral da FGTM o 27 de novembro de 2006 e en consecuencia solicitan a nulidade da votación para elixir os seis representantes do estamento de clubs na Comisión Delegada da FGTM e a repetición da devandita votación

O argumento no que basean tal pretensión é o seguinte: Na votación para elixir os membros da Comisión Delegada en representación do estamento de clubs, votaron todos os membros da Asemblea Xeral e non unicamente os correspondentes ao mencionado estamento. Tal circunstancia non se produciu no resto dos estamentos (xogadores-árbitros-adestradores) toda vez que en cada un deles concidiu o número de candidatos presentados co de membros a elixir razón pola que xa non foi necesario efectuar votación.

Entenden que a necesidade de votar cada estamento separadamente os seu representantes na Comisión Delegada se deriva da interpretación de diversos preceptos do Regulamento electoral da federación, e especialmente, dadas as dúbidas que pode suscitar a redacción da mencionada norma, do espírito da Orde do 3 de abril de 2006, por analoxía coa elección dos membros da Asemblea Xeral e do feito de que os Estatutos da Real Federación Española de Tenis de Mesa recollan expresamente a votación separada por estamentos.

Tal opinión, non obstante, carece dun expreso apoio normativo que a fundamente.

Así tras començar descartando a alegación dos recorrentes relativa aos Estatutos da Real Federación Española, pois como acertadamente destaca a resolución obxecto de recurso non resultan aplicables á federación autonómica, a normativa aplicable debemos buscala, en primeiro lugar, na Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, que contén unicamente dúas mencións no seu articulado á Comisión Delegada. Por unha banda o artigo 34.f) en canto sinala que os estatutos das federacións deportivas galegas deberán conter e regular o procedemento de elección do presidente, da